


3.2.- DANZAS DE CORTE: TIPOS E CARACTERÍSTICAS.



DANZAS DE PARELLAS SOLTAS:


- PASAMEZZO: Danza do Renacemento Italiano da segunda metade do século XVI coñecida en toda Europa polo seu ritmo binario relacionado coa pavana (pero máis rápida) e seguida pola gallarda. A orixe do nome propón dúas acepcións: ou ben unha figura de baile de paso e medio ou unha derivación do seu tempo “alla breve” que era o equivalente do compás binario ou 2/ 2. Existían dúas versións de Pasamezzo en función da progresión harmónica que empregara o basso ostinato: o pasamezzo antigo e o pasamezzo moderno.
- <https://www.youtube.com/watch?v=0BuGya7Luuk>



PASAMEZZO

Passamezzo

Anonymous (from *Phalèse*)



- ZARABANDA: Danza lenta e ternaria de finais do Renacemento e amplamente desenrolado no Barroco que se distingue pola frecuente ligadura que une ao segundo e terceiro tempo, dando lugar a un distintivo ritmo de negra e branca alternativamente. Hai dúbidas sobre a orixe desta danza, pero existe o consenso de situala no entorno Hispano, ben das colonias de América ben de orixe exclusivamente español con posibles influencias árabes.
- https://www.youtube.com/watch?v=V8RyWm_FD8c



ZARABANDA

Musicadictos.wordpress.com

Zarabanda

"Suite XI en re m para Clave (HWV 437)"

G.F. Haendel (1685-1759)

Flute

A

FA FA SOL MI MI LA LA Sib SOL SOL LA Sib Sib DO LA LA LA

A'

RE RE MI DO# DO# FA FA SOL MI MI LA LA Sib SOL SOL LA

¹³

Sib Sib DO LA LA RE DO# RE MI FA MI RE RE RE



Zarabanda
MusicaAntigua.com



- CHACONA: Danza española de finais do XVI, de orixe popular con metro ternario e tempo moderado que apareceu orixinalmente en coleccións de guitarra, e que rapidamente será absorbida pola esfera cortesá a principios do Barroco.
- <https://www.youtube.com/watch?v=Jb1lSp-l8kQ>
- GAVOTA: Danza francesa procedente da tradición popular que na súa orixe se bailaba en corro. A finais do século XVI se converteu en danza cortesá. Musicalmente caracterízase por estar en compás binario en 2/2 o 4/4, de tempo moderado e con frases musicais anacrúsicas.
- https://www.youtube.com/watch?v=l3Nbe_X9esY



CHACONA

Every Note

CHACONNE

from Partita No. 2 for Violin Solo
Arr. by F. Busoni

J. S. Bach

Andante maestoso, ma non troppo lento



sempre molto energico



GAVOTA

GAVOTA

Michael Praetorius (1571-1621)



- BRANLE: Atención! Esta danza non é de corte!!! Ademais dun paso de baile propio da pavana, o branle é unha danza de orixe francés no que o movemento principal é lateral e se bailaba en parellas ou en grupo formando liñas ou círculos. Thoinot Arbeau defínea como “danza practicada pola plebe”.
- <https://www.youtube.com/watch?v=xoaQwoot2C4>



BRANLE

Branle

Joseph Bodin de Boismortier

Moderato

7

12



DANZA PARA PARELLAS UNIDAS:

- VOLTA: Danza de Provenza popular en gran parte de Europa a finais do XVI. Arbeau descríbea como semellante á gallarda. O ritmo é binario de subdivisión ternario. Bailábase agarrado e incluía un paso no que o home axudaba á muller a realizar un gran salto. Nalgúns círculos puritanos foi considerada de inmoral.
- <https://www.youtube.com/watch?v=3aP0VCvRY2c>



VOLTA

